


Estación meteorolóxica de Cariño

- Concello: Cariño
- Provincia: Pontevedra
- Latitude: 43° N
- Lonxitude: -7° O
- Altitude: 5 m



Resumos dos datos meteorolóxicos


	8/11/21	11/11/21	12/11/21	13/11/21
Temperatura máxima	14,29 <input type="text"/>	15.27 °C	16.71 °C	15.62 °C
Temperatura mínima	11.71	11.19 °C	10.23 °C	11.62 °C
Chuvia acumulada	1.8 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2
Refacho máximo	11.92 m/s	14.7 km/h	4.12 m/s	8.18 m/s



Predición meteorolóxica

3.1


- 8/11/21: Agárdase a curto prazo unha **alternancia de ceos con nubes e claros** con momentos pouco anubrados ou despexados, ocasionalmente moi anubrados. En canto ás **temperaturas, serán normais** para este período, con valores que en xeral se manterán sen cambios.
- 11/11/21: Ceos con nubes e claros en xeral durante os vindeiros días, aínda que ocasionalmente tornarán pouco anubrados ou despexados. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas en descenso lixeiro aínda que oscilarán e máximas sen cambios.
No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.
- 12/11/21: Ceos con nubes e claros ó comezo e cara a metade do período, aínda que ó final do mesmo **predominarán moi anubrados. Haberá precipitacións o luns**. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que se manterán sen cambios e máximas que descenderán moderadamente.
No referido ó estado da calidade do aire, manterase bo en xeral.
- 13/11/21: Ceos con nubes e claros ó comezo e ó final do período, aínda que cara a metade do mesmo **predominarán moi anubrados. Haberá precipitacións o luns**. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, **con mínimas que descenderán lixeiramente** aínda que oscilarán e máximas que se manterán sen cambios.
No referido ó estado da calidade do aire, manterase bo en xeral.



Temperaturas

T^a mín. a 1.5m, T^a media a 1.5m, T^a máx. a 1.5m, T^a med.máx. a 1.5m, T^a med.mín. a 1.5m


■ Temperatura mínima a 1.5m ■ Temperatura media a 1.5m ■ Temperatura máxima a 1.5m ■ Temperatura media das máximas a 1.5m
■ Temperatura media das mínimas a 1.5m



- Análise dos datos: Dende 2018 as temperaturas no concello de Cariño tiveron notorias desigualdades. Coma ese descenso de temperaturas no xaneiro de 2019. Comparando o novembro do 2021 co do 2020 obsérvase un descenso. Como podedes ver, as temperaturas no novembro de 2020 son bastante máis altas ca do novembro de 2021. Respecto ao novembro de 2018 en comparación co novembro deste ano, pódese ver que aínda que **halla** 3 anos, as temperaturas están iguais.


Precipitacións

Chuvia acumulada, Chuvia




Análise dos datos: Nestos meses de outubro e novembro as precipitacións chegaron a un punto máximo de 350 l/m² e unha mínima de 5 l/m². Segundo o comentario das precipitacións meteorolóxicas. Durante o mes de novembro, todos os días tiveron nubes es claras sen case presenza de precipitacións. Como nos. Comparando o mes de novembro de 2021 co novembro do ano pasado, están moi igualadas, agás o novembro 2020 eran un chisco máis grandes. Dende o ano 2018 ata a actualidade as precipitacións foron moi desiguais, poñendo de exemplo o novembro de 2019 co novembro de 2021.

Vento



- **Análise de datos:** En todos estos meses o vento chegou a unha cifra mínima de refacho máximo de 50m e unha cifra máxima de 110m. Comparando este mes de novembro co do ano 2018 non hai case diferencia. Dende o ano 2018 ata a actualidade, agás uns meses coma o agosto de 2018 ou o decembro de 2019, están bastante iguais.

Presión atmosférica



- Análise dos datos: Neste apartado de presión atmosférica pódese ver que dende o 2018 foi moi desigual. É moi destacable esa desproporcionada baixada do comezo da táboa, dende o xaneiro e febreiro de 2018 ata o marzo dese mesmo ano. Comparando o novembro de 2021 co novembro de 2020, non están a mesma altura, pódese observar como o novembro deste ano é maior. Comparando este mes co do 2018, vese unha diferenza moi notoria, no 2018 estaba a 1010 e neste ano a 1022.

- Conclusión -

- E xa para rematar o meu traballo da estación meteorolóxica de Cariño, vou responder a pregunta inicial de “Porque as borrascas e os anticiclóns están asociados ao tempo”.
- As borrascas e os anticiclóns fan referencia as baixas e altas presións. A presenza das borrascas e os anticiclóns axuda a determinar o tempo que vai nun lugar determinado. Grazas a iso, sabemos que se o que se acerca é unha borrasca se fai vento , chuvia ,nubosidade ou o que chamamos “mal tempo”. Mentres que cando un anticiclón se acerca teremos tempo estable e soleado.



Índice de comentarios

- 3.1 Comentarios que podrían terse incluído na análise dos elementos do tempo.
- 7.1 Mencionar a unidade de medida; mb

estación meteorolóxica

campus lugo

Alejandra Santalla


Concello:Lugo

Provincia:Lugo

Latitude:42.992695



Lonxitude:-7.546897

Altitude:400m



RESUMOS DOS DATOS METEOROLÓGICOS

	Día(08-11-2021)	Día 2(15-11-2021)	Día 3 (19-11-2021)	Día 4 (23-11-2021)
Temperatura máxima	9.71C°	9.31C°	1.47C°	9.95C°
Temperatura Mínima	7.71C°	3.84C°	0.27C°	6.11C°
Chuvia Acumulada	0.0L/m2	0.0/Lm2	0.0/Lm2	0.0L/m2
Refacho Máximo	19.2Km/h	13.6Km/h	6.2Km/h	36.7Km/h



PREDIÇÃO METEOROLÓXICA

DÍA 1 (8-11-2021): Agárdase a curto prazo unha alternancia de ceos con nubes e claros con momentos poucos anubrados ou despexados. Haberá néboas matinais ó longo do período. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que se manterán sen cambios e máximas que ascenderán lixeiramente. No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.



DÍA 2 (15-11-2021): Agárdase a curto prazo unha alternancia con ceos con nubes e claros con momentos poucos anubrados ou despexados, ocasionalmente moi anubrados. Haberá néboas matinais o martes. En canto as temperaturas serán normais para este período, con valores que en xeral se manterán sen cambios. No referido ó estado da calidade do aire, mantense bo en xeral.

DÍA 3 (19-11-2021): Agárdase a curto prazo unha alternancia de ceos con nubes e claros con momentos pouco anubrados ou despexados. Haberá néboas matinais o venres e o sábado. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que ascenderán moderadamente aínda que oscilarán e máximas que descenderán moderadamente.

No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.


DÍA 4 (23-11-2021): Ceos con nubes e claros en xeral durante os vindeiros días. Agárdanse precipitacións do mércores pola noite ó xoves pola tarde e o venres pola noite. As temperaturas serán normais para as mínimas e baixas para as máximas respecto ó habitual nesta época do ano, con valores que globalmente se atoparán sen cambios.

No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.




TEMPERATURAS

T^a mín. a 1.5m, T^a media a 1.5m, T^a máx. a 1.5m, T^a med.mín. a 1.5m, T^a med.máx. a 1.5m




Nos catro días segundo Meteogalicia de **O**ctubre a **N**ovembro as temperaturas mínimas son de -1.9°C e a máxima é de 19.1°C . As temperaturas son normais para a época do ano. As temperaturas son moi parecidas respecto o 2020 ao 2021. As temperaturas en xeral serán baixas, pero tamén suaves

PRECIPITACIÓN




- Noa meses **O**ctubre e **N**ovembro, a chuva acumulada chegou a un nivel máximo de 4.1L/m² e un nivel mínimo de 0.0L/m². Segundo Meteogalicia no mes de **O**ctubre agardan máis chuvias que en **N**ovembro. Comparando co mes de **N**ovembro en 2020, as precipitación reducíronse.

VENTO



- O refacho máximo do mes de Novembro é de 50.4Km/h. Se nos fixamos no mes de Novembro do ano pasado ten un refacho máximo máis mínimo co de este ano, tendo o ano pasado 42.2Km/h. Do outro ano a este o vento foi diminuindo.

PRESIÓN ATMOSFÉRICA



- Fixándonos no refacho máximo vemos ca presión foi diminuindo desde Novembro do ano pasado ata Novembro deste ano **sa** ca intensidade do vento foi de maior a menor, pero non con moita diferenca.

CONCLUSIÓN

- POR QUE AS BORRASCAS E ANTICICLÓNS ESTÁN ASOCIADAS AO TEMPO?
- Porque as borrascas son zonas que están a unha presión inferior a 1.013 hPa, polo tanto que a sua conexión con tempo é que ten un tempo inestable e con chuvias.
- E os anticiclóns son zonas que teñen unha presión superior a 1.013 hPa, e teñen un tempo estable e seco.


Índice de comentarios

1.1 Falta o mapa coa localización da estación meteorolóxica.

Estación Meteorolóxica de Baiona

Leyre Alonso

Concello: Baiona
Provincia: Pontevedra
Latitude: 42º Norte
Lonxitude: 8º Oeste
Altitude: 3 m




Resumo dos dados meteorológicas

	29 – 10 - 2021	02 – 11- 2021	08-11-2021	15-11-2021
Temperatura máxima	16.43 °C	16.97 °C	13.01 °C	7.85 °C
Temperatura mínima	13.84 °C	13.59 °C	10.49 °C	6.2 °C
Chuvia acumulada	5.3 L/m2	10.8 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2
Refacho máximo	31.0 km/h	55.7 km/h	17.3 km/h	9.3 km/h

Predicción meteogalicia


- **29-10-2021:** Ceos con nubes e claros en xeral durante os vindeiros días, aínda que ocasionalmente tornarán moi anubrados. Agárdanse precipitacións tódolos días. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas sen cambios e máximas en descenso moderado. Vento moi forte do Sur o venres pola noite.
- **02-11-2021:** Teremos ceos con nubes e claros ó comezo e cara a metade do período, aínda que ó final do mesmo tenderán a estar pouco anubrados ou despexados. Agárdanse precipitacións o martes e o mércores. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas en descenso moderado e máximas en descenso lixeiro.
- **08-11-2021:** Agárdase a curto prazo unha alternancia de ceos con nubes e claros con momentos pouco anubrados ou despexados. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que ascenderán lixeiramente e máximas que se manterán sen cambios.
- **15-11-2021:** Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días, aínda que ocasionalmente tornarán con nubes e claros. As temperaturas serán normais para esta época do ano, con mínimas en ascenso moderado e máximas en ascenso lixeiro.

Temperaturas




Análise de datos: Nos catro días observados en outubro e novembro as temperaturas máximas foron de 16.97 °C e as mínimas de 6.2 °C. No gráfico obsérvase que as temperaturas máximas e mínimas de 2020 ~~que~~ foron semellantes as do 2021. En canto aos factores que inflúen nas temperaturas, podémosos fixar na altitude de 3 metros na que se atopa a estación meteorolóxica de Baiona. Ao atoparnos nunha zona de costa as temperaturas van ser suaves en xeral.

Precipitacións




Análise dos datos: Nos catro días observados de outubro e novembro as precipitacións chegaron a un nivel máximo de 10.8 L/m² e un nivel mínimo de 0.0 L/m². Durante o mes de novembro, todos os días tiveron nubes e claros sen presenza de precipitacións. Comparando o mes de novembro de 2021 co do ano pasado, podemos observar que houbo unha redución significativa das precipitacións. Como nos atopamos nunha zona baixa de altitude, as precipitacións van a ser menos intensas que noutros lugares. Pola contra estamos nunha zona de costa, e por ese motivo vai a a haber máis precipitacións.

Vento



Análise dos datos: Nos catro días observados en outubro e novembro o vento máximo foi de 55.7 km/h e o mínimo de 9.3 km/h. Comparando o mes de novembro deste ano co do ano pasado houbo unha redución significativa dos datos recollidos. En canto aos factores que inflúen no vento, podémonos fixar na altitude de 3 metros na que se atopa a estación meteorolóxica de Baiona, e das temperaturas. Ao estar preto da costa vai facer **mais** vento ca noutros sitios xa que as terras absorben e perden enerxía moi rápido, é as augas faino a unha velocidade inferior.

Presión atmosférica



*Este gráfico pertence a estación meteorolóxica de Vigo-Campus

Análise dos datos: Nos catro días observados en outubro e novembro a presión atmosférica máxima foi de 55.7 km/h e a mínima de 9.3 km/h. Comparando o mes de novembro deste ano co do ano pasado os datos foron semellantes. En canto aos factores que inflúen na presión atmosférica, podémonos fixar na altitude de 3 metros na que se atopa a estación meteorolóxica de Baiona, xa que haberá máis peso do aire sobre nós.

Conclusión

- **Durante o tempo analizado deste traballo, observamos que nos atopamos nun período de cambio de baixas e altas presións.**
- **As borrascas, son baixas presións atmosféricas ~~as~~ que se asocian ~~ao~~ mal tempo (Chuvias, días nubrados..)**
- **Os anticiclóns, pola contra son altas presións atmosféricas os cales se asocian ao bo tempo**

Índice de comentarios

7.1 Isto é a velocidade do vento; a presión atmosférica mídese en milibares ou hectopascals.

Estación meteorolóxica das illas Cies

- **Concello: Vigo**
- **Provincia: Pontevedra**
- **Latitude: 42° N**
- **Lonxitude: 8° O**
- **Altitude: 25 m.**

Lucía Alonso Cajide 1°C



Táboa informativa

	15/11/21	17/11/21	18/11/21	19/11/21
Temperatura máxima	11.56 °C	17.58 °C	16.13 °C	12.89 °C
Temperatura mínima	10.16 °C	10.35 °C	8.84 °C	10.56 °C
Chuvía acumulada	0.0 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2	0.0 L/m2
Refacho máximo	28.7 km/h	12.42 m/s	27.5 km/h	27.8 km/h

A información procede do concello de Baiona

Predición meteorolóxica

- **15/11/21**

- Prevense ceos pouco anubrados ou despexados nas próximas datas, ocasionalmente con nubes e claros. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con valores que en xeral se manterán sen cambios.
- En canto ó estado da calidade do aire, cambiará a bo.

- **17/11/21**

- Ceos con nubes e claros ó comezo do período, aínda que cara a metade e ó final do mesmo predominarán pouco anubrados ou despexados. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con valores que en xeral se manterán sen cambios.
- En canto ó estado da calidade do aire, manterase bo en termos xerais.


- **18/11/21**

- Ceos pouco anubrados ou despexados en xeral durante os vindeiros días, aínda que ocasionalmente tornarán con nubes e claros. As temperaturas serán normais para as mínimas e altas para as máximas respecto ó habitual nesta época do ano, con mínimas en ascenso lixeiro aínda que oscilarán e máximas sen cambios, a pesar de que oscilarán.
- En canto ó estado da calidade do aire, manterase bo en termos xerais.

- **19/11/21**


- Prevense ceos pouco anubrados ou despexados nas próximas datas, ocasionalmente con nubes e claros. En canto ás temperaturas, serán normais para as mínimas e altas para as máximas respecto ó agardado para este período, con mínimas que se manterán sen cambios aínda que oscilarán e máximas que descenderán moderadamente.
- En canto ó estado da calidade do aire, manterase bo en termos xerais.

Análise dos datos das temperaturas




No mes de novembro, a temperatura chegou a un nivel máximo de 17.58°C e a un nivel mínimo de 11.56°C. Os comentarios meteorolóxicos das temperaturas infórmanos de que as temperaturas serán normais este mes de novembro. No gráfico superior observase que as temperaturas mínimas e máximas foron semellantes a das de 2020. En canto os factores que poden estar influíndo estas temperaturas, poden ser a altitude que é de 25m que o que nos indica que as temperaturas serán mais altas, e tamén o estar preto do mar informámonos de que as temperaturas máximas e mínimas serán suaves.

Análise dos datos das precipitacións




No mes de novembro, a chuvia chegou a un nivel de 0.0 L/m2. Os comentarios meteorolóxicos da chuvia comentan que no mes de novembro non se esperaran chuvias. No gráfico superior observase que a chuvia acumulada no 2020 é maior que a do 2021. Como as Illas Cíes atópanse a unha altitude baixa as precipitacións serán pouco intensas e ao contrario vamos ter máis precipitacións porque estamos preto do mar.

Analise dos datos do vento



No mes de novembro, o vento chegou a un nivel máximo de 28.7 km/h e a un nivel mínimo de 12.42 m/s. Os comentarios meteorolóxicos do vento indícanos os ventos serán normais no mes de novembro. No gráfico superior observase que o vento no 2020 foi un pouco maior que no 2021. Finalmente, observase que o vento foi diminuindo polo tanto podemos afirmar que os cambios na presión atmosférica non foron iguais.

Análise dos datos da presión atmosférica



No mes de novembro, o vento chegou a un nivel máximo de 28.7 km/h e a un nivel mínimo de 12.42 m/s. Os comentarios meteorolóxicos da presión infórmanos de que a presión será boa. No gráfico superior observase que a presión do 2020 é un pouco máis baixa ca do 2021. Finalmente como as Illas Cíes atópanse nunha altitude baixa a presión atmosférica será maior.

O gráfico procede da estación meteorolóxica de Campus Vigo

Por que as borrascas e anticiclóns están asociados ao tempo?

- No período de tempo analizado neste traballo, observamos que nos atopamos nun período de altas presións polo que temos bo tempo "anticiclón".
- Están asociadas co tempo porque os anticiclóns nos informan de que vai vir bo tempo e as borrascas tamén porque nos informan de que vai vir mal tempo.
- Os anticiclóns corresponden-se coas áreas de altas presións atmosféricas e as borrascas con áreas de baixas presións (anticiclón valores superiores a 1013mb) (borrascas valores inferiores a 1013mb).